



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Subdirección Xeral de Seguridade e Coordinación
Servizo de Seguridade

MEMORIA 2010

ACTIVIDADES DE COORDINACIÓN DAS POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA

ÍNDICE

- 1. Presentación**
- 2. Actividades de carácter normativo**
- 3. Actuacións de control e seguimento da aplicación das normas de coordinación**
 - 3.1. Procesos selectivos***
 - 3.2. Ditames e informes emitidos***
 - 3.3. Autorizacións excepcionais para a contratación de persoal auxiliar de policía local***
 - 3.4. Convenios entre concellos para reforzar os cadros de persoal***
- 4. Actividades da Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia**
 - 4.1. Sesión do 12 de maio de 2010***
 - 4.2. Sesión do 30 de xuño de 2010***
 - 4.3. Sesión do 16 de decembro de 2010***
- 5. Entrega de distincións aos policía locais**
- 6. Cadros de persoal dos corpos de policía local**
- 7. Actividades de subvención e axuda dende a Xunta de Galicia**
 - 7.1. Axudas para o financiamento de contratación temporal dos auxiliares de policía en tempada de verán***
 - 7.2. Cesión en propiedade de vehículos***
- 8. Actividades de formación a través da AGASP**

1. Presentación

1. PRESENTACIÓN

Se o ano 2009 destacara por selo ano no que os Policias Locais de Galicia recibían as súas primeiras condecoracións outorgadas como corpos de seguridade, no ano 2010 tamén habería que destacar especialmente a entrada en vigor do Decreto 60/2010 sobre acreditacións, uniformidade e medios técnicos a disposición das policías locais, así como as ordes de desenvolvemento do mesmo, que contribúen a reforzar o cambio normativo cun necesario cambio na imaxe dos corpos de policía local e nos seus vehículos.

Xa se comezara traballando nesta cuestión no segundo semestre do ano 2009, xa que logo a Comisión de Coordinación de Policias Locais de Galicia emitira informe favorable ao borrador do texto de dito decreto, na súa xuntanza do día 17 de decembro de 2009. Pero había que continuar co desenvolvemento das ordes necesarias para pechar temas tan importantes para os policías locais como a súa uniformidade, a súa acreditación e os seus medios técnicos, nomeadamente marcaxe e rotulación exterior de vehículos e motocicletas.

Deste xeito o Grupo Técnico de Traballo, constituído no seo da CCPLG e integrado polos representantes das distintas unidades directivas da Xunta, con competencias nesta materia, as persoas nomeadas pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), polos sindicatos máis representativos dentro das policías locais e un representante da Asociación de Xefes e Mandos de Policía Local (AXEMPOL), desenvolveu máis de quince sesións de traballo nas que se acadou un consenso sobre o contido das dúas ordes de desenvolvemento: a que recolle as acreditacións e a que se refire á uniformidade, ambas as dúas de data 22 de xullo.

Do mesmo xeito, á volta do verán continuaron as sesións de traballo deste grupo, para abordar agora outra cuestión tamén moi importante, como é a rotulación e marcaxe exterior dos vehículos a disposición dos corpos de policía local e vixilantes municipais. Así na Orde do 29 de decembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, se recollen as disposicións nesta materia.

Polo medio, publicouse asemade o Decreto 77/2010, do 29 de abril, que modifica o Decreto 243/2008 para recoller normativamente tanto os cambios orixinados pola Lei 2/2009, do 23 de xuño, que establece a posibilidade de eximir da proba de coñecemento da lingua galega a aquelas persoas que acrediten documentalmente tal coñecemento; como tamén as novidades en canto aos permisos de condución debidas á entrada en vigor do Real decreto 819/2009, do 8 de maio, que introduce unha variación nas clases de permisos para motocicletas e nas idades de acceso aos mesmos.

Tamén no pasado ano 2010 se cumpriu de novo co recoñecemento ás policía locais, só que nesta ocasión ao seu debido tempo e na data que está preceptuada. Para iso publicáronse por unha banda a Orde do 14 de maio de 2010 pola que se determinan as distincións e recompensas que se concederán ao persoal dos corpos de policía local durante o ano 2010; así como a Resolución do 14 de maio de 2010 da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pola que se acorda entregar o Distintivo de Permanencia ao persoal dos corpos de policía local que cumprisen durante o ano 2009 máis de 25 anos de servizo efectivo, que non o tivesen xa recibido.

Nesta ocasión a distinción correspondente á Placa Individual ao Mérito da Policía Local foi concedida ao policía Francisco José Candal Cancelo, do corpo de policía local do Concello do Grove; mentres que a Medalla ao Mérito da Policía Local foi para José Ángel Soutullo Piñeiro, policía do mesmo concello.

Durante o ano 2010 realizáronse tamén moitas actividades de asesoramento, seguimento, axuste e control da aplicación polos concellos da normativa de coordinación, en cumprimento das funcións atribuídas na Lei 4/2007, sendo importante neste sentido o feito de que os concellos achegaran os borradores das bases de convocatorias de prazas, antes de publicalas, porque deste xeito se comprobou antes da súa publicación que as mesmas estaban conforme á normativa de coordinación, aforrando dese xeito molestias incómodas no caso de telas publicadas no BOP e verse na obriga de facer corrección de erros, de selo caso.

Por outra banda, a Dirección Xeral de Administración Local, continuou durante ese ano, malia a delicada etapa económica, coas axudas aos concellos, tanto para a contratación de auxiliares de policía de tempada como para a cesión de vehículos, coches e motos, para os corpos policiais. A Academia Galega de Seguridade Pública continuou a desenvolver o seu importante papel na función de formación dos policía locais e vixilantes municipais.

Nesta memoria, ademais de dar cumprimento a obriga recollida na Lei 4/2007, relativa á publicación anual da memoria de actividades de coordinación de policía locais, inclúense as actividades da Comisión de Coordinación das Policía Locais, así como a estatística, que ten como fonte os datos comunicados polos concellos respecto dos seus corpos de policía local ou dos vixilantes municipais ao Rexistro, de grande importancia para a toma de decisións nesta materia. Figuran tamén os datos referentes aos distintos actos de entrega de condecoracións e distincións desenvolvidos ao longo do ano 2010.

Santiago Villanueva Álvarez
Director xeral de Emerxencias e Interior
Vicepresidente da Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia

2.- Actividades de carácter normativo

2. ACTIVIDADES DE CARÁCTER NORMATIVO

2.1.- Decreto 60/ 2010, do 8 de abril, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, en materia de uniformidade, acreditacións e medios técnicos (DOG 22-04- 2010)

1. Constitúe o obxecto deste decreto o establecemento do marco xenérico necesario para desenvolver regulamentariamente a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, nas materias de uniformidade, acreditación e medios técnicos, sen prexuízo do disposto na lexislación orgánica de forzas e corpos de seguridade, na lexislación de bases de réxime local e noutra normativa que resulte de aplicación.

2. Tamén é obxecto deste decreto a habilitación para o establecemento da imaxe corporativa dos corpos de policía no ámbito da nosa comunidade autónoma, no exercicio das potestades de coordinación atribuídas polo artigo 13 b) da mesma lei.

Este decreto é de aplicación aos corpos de policía locais dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia e ao seu persoal, así como a vixilantes municipais e auxiliares de policía local segundo o previsto no artigo 95 da Lei 4/2007 e normas que o desenvolven.

2.2.- Decreto 77/ 2010, do 29 de abril, polo que se modifica o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais (DOG 12-05- 2010).

A entrada en vigor da Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, determina que as probas selectivas que se realicen, tanto para o acceso a prazas da Administración autonómica como das entidades locais de Galicia, incluírán un exame de galego, pero exime da súa realización as persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.

Esta reforma repercute directamente nas bases das convocatorias para prazas de acceso aos corpos das policía locais, vixilantes municipais e auxiliares contratados polos concellos de Galicia. Así, o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece para os distintos procesos de acceso aos corpos de policía local e vixilantes municipais unha proba de galego de carácter obrigatorio e eliminatorio.

A exención das probas de galego para as persoas que acrediten o seu coñecemento suporá que só quede unha proba que outorgará puntuación numérica nos procesos selectivos correspondentes e que determinará a relación final de aprobados. Este feito obriga tamén a modificar a orde de desenvolvemento das probas, de maneira que se lles facilite aos concellos que as convocan a posibilidade de aforrar en tempo e recursos, acadando os mesmos resultados e sen menguar a obxectividade do proceso selectivo.

Por outra banda, o Real decreto 818/2009, do 8 de maio, establece no seu artigo 5.4º que para obter o permiso da clase A, o aspirante deberá contar co permiso da clase A2 cunha antigüidade mínima nel de 2 anos, ademais de superar unha formación nos termos que se establezan mediante orde do Ministerio do Interior.

Isto significa, xa que logo, que como non se pode obter o permiso da clase A2 ata os 18 anos, o da clase A que agora se exige non se podería posuír ata os 20 anos como mínimo, pola existencia de antigüidade de 2 anos no A2. Pero este feito obrigaría a un atraso na idade de acceso aos corpos de policía local e vixilantes municipais, contrario ao previsto no Decreto 243/2008 respecto da idade mínima de acceso, fixada nos 18 anos.

É por iso que esta cuestión fai necesaria unha modificación do Decreto 243/2008, establecendo que os permisos exixidos sexan os das clases A2 e B con BTP.

Deste xeito, no exercicio das funcións de coordinación da normativa sobre policía locais que ten atribuída a Xunta de Galicia, faise necesaria unha modificación do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, para facilitarlles aos concellos a posibilidade harmonizada de axustar as bases das convocatorias de prazas nestes corpos, tanto ao previsto na Lei 2/2009, no que afecta ao desenvolvemento da proba de coñecemento da lingua galega nos procesos de selección, como ás exigencias para os permisos A2 e A que recolle o Real decreto 818/2009, no relativo aos permisos de conducir que son precisos para o acceso ás distintas prazas nos corpos de policía local e vixilantes municipais.

2.3. Orde do 14 de maio de 2010 pola que se determinan as distincións e recompensas que se concederán ao persoal dos corpos de policía local durante o ano 2010 (DOG 21-05-2010)

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 74 que os membros dos corpos de policía local de Galicia poden ser distinguidos ou recompensados de acordo co que se determine regulamentariamente.

Consonte con esta previsión, o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a citada lei, establece no seu artigo 98 que a consellería competente en materia de seguridade concederá mediante orde a placa colectiva e a placa individual, así como a medalla ao mérito da policía local.

De acordo co anterior procedeuse a estudar por parte da unidade directiva competente en materia de coordinación as propostas achegadas, seguindo o procedemento que establece o artigo 99 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, para a concesión destas distincións. As propostas feitas pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, como unidade directiva competente en materia de coordinación, atópanse amplamente documentadas, foron sometidas a informe e valoradas positivamente pola Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia, en sesión do 12 de maio de 2010, e sometidas á resolución e ditame desta consellería.

- ***Concesión da Placa Individual ao Mérito da Policía Local ao policía Francisco José Candal Cancelo, do corpo de policía local do Concello do Grove***

Vistos os feitos descritos na proposta para a concesión da Placa individual ao mérito da policía local, unha vez emitido informe da Comisión de Coordinación de Policía Locais, na súa xuntanza do 12 de maio de 2010, e logo de valorar e ponderar os méritos e as circunstancias alegadas na dita proposta, esta consellería resolveu conceder a Placa individual ao mérito da policía local, pola súa intervención nun acto de servizo, evidenciando un sobresaliente e excepcional valor, con risco grave e inminente para a propia vida, ao policía local do Concello do Grove Francisco José Candal Cancelo.

- ***Concesión da Medalla ao Mérito da Policía Local ao policía José Ángel Soutullo Piñeiro, do corpo de policía local do Concello do Grove***

Vistos os feitos descritos na proposta para a concesión da Medalla ao mérito da policía local, unha vez emitido informe da Comisión de Coordinación de Policía Locais, na súa xuntanza do 12 de maio de 2010, e logo de valorar e ponderar os méritos e as circunstancias alegadas na dita proposta, esta consellería resolveu conceder a Medalla ao mérito da policía local, pola súa intervención nun acto de servizo, manifestando cualidades de valor e lealdade profesionais, coa posibilidade de risco grave para a súa integridade, ao policía do Concello do Grove José Ángel Soutullo Piñeiro.

2.4.- Orde do 22 de xullo de 2010 pola que se establece a descrición e as características dos medios de acreditación profesional dos corpos

de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de Policía Local de Galicia (DOG 28-07-2010).

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, establece no seu artigo 10 a acreditación profesional dos corpos de policía local, e recolle que será común para todos os corpos e que o persoal destes terá a obriga de identificarse cando así lle sexa exixido no caso de actuacións que afecten á cidadanía.

A citada lei non recolle nada respecto da acreditación dos vixilantes municipais, pero o Decreto 60/2010, do 8 de abril, que desenvolve aquel texto legal, establece no seu artigo 26.2º que os vixilantes municipais non terán placa-emblema metálica pero si carné profesional. No que afecta a placa-emblema, substituirase por un modelo en material plástico ou semellante que irá impreso, pegado ou cosido na uniformidade.

Por outra banda, na súa disposición derradeira segunda se faculta a persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para ditar, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor do decreto citado, as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento.

Na súa virtude, en uso das facultades outorgadas pola citada disposición derradeira do Decreto 60/2010, do 8 de abril, e despois do informe preceptivo da Comisión de Coordinación de policía locais de Galicia, na súa sesión do 30 de xuño de 2010, ao abeiro do disposto no artigo 17.1º a) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, dispónse a presente orde que ten por obxecto establecer a descrición e demais características dos medios de acreditación profesional dos corpos de policía local, dos vixilantes municipais e auxiliares de Policía Local de Galicia.

2.5. Orde do 22 de xullo de 2010 pola que se establece a descrición e características das distintas pezas de uniformidade dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local de Galicia, así como a imaxe corporativa dos corpos de policía local (DOG 29-07-2010)

A Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, establece no seu artigo 9 que a uniformidade deberá ser común para todos os corpos de policía local e que se determinarán regulamentariamente as pezas que constitúen o uniforme necesario para o desempeño das diferentes funcións, así como as da uniformidade de gala.

De igual modo, no artigo 94 da citada lei dise que os vixilantes municipais actuarán co uniforme e os distintivos propios da súa clase, de conformidade co

que se dispoña regulamentariamente, pero en todo caso deberá diferenciarse a dita uniformidade da que resulte propia dos corpos de policía local.

Mediante o Decreto 60/2010, do 8 de abril, procedeuse ao desenvolvemento regulamentario da Lei 4/2007 nesta materia, que recolle no seu capítulo III as cuestións referidas á uniformidade e distintivos externos de identificación dos corpos de policía local, mentres que para os vixilantes municipais e auxiliares de policía local estas cuestións se tratan no capítulo VI.

No artigo 11 do citado decreto dise que por orde da consellería competente en materia de coordinación de policía locais se determinará o deseño, as características e demais condicións técnicas das pezas que compoñen a uniformidade, así como das insignias e divisas.

Na súa virtude, en uso das facultades outorgadas pola citada disposición derradeira do Decreto 60/2010, do 8 de abril, e logo do informe preceptivo da Comisión de Coordinación de Policía Locais de Galicia, na súa sesión do 30 de xuño de 2010, ao abeiro do disposto no artigo 17.1º a) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, dictouse esta orde que ten por obxecto establecer a descrición e demais características das pezas de uniformidade, insignias e divisas dos corpos de Policía Local de Galicia, dos vixilantes municipais e dos auxiliares de policía local, así como a imaxe corporativa dos corpos de policía local.

2.6. Orde do 29 de decembro de 2010, pola que se establecen os elementos de configuración externa e o deseño para a marcación e rotulación dos vehículos á disposición das policía locais e vixilantes municipais (DOG 03-01-2011)

Mediante o Decreto 60/2010, do 8 de abril, procedeuse ao desenvolvemento regulamentario da Lei 4/2007 nesta materia, recollendo no seu capítulo IV as cuestións referidas aos medios técnicos dos corpos de policía local, mentres que para os vixilantes municipais estas cuestións son tratadas dun xeito máis xenérico no capítulo VI do citado decreto.

O artigo 21º do decreto antes sinalado recolle, no seu número 1, os medios de mobilidade, pero sen determinar os elementos de configuración externa nin as condicións para o deseño da marcación e da rotulación exterior deles, que permita unha configuración única para todos estes medios, común a todos os corpos de policía local.

En desenvolvemento do citado decreto, resulta obxecto desta orde establecer os elementos de configuración externa e o deseño das condicións de marcación e rotulación dos medios técnicos de mobilidade á disposición dos corpos de

policía local e dos vixilantes municipais de Galicia, e, respecto do persoal auxiliar de policía local, establécese que utilizarán os medios de mobilidade dos corpos de policía local, limitados aos necesarios para as súas específicas funcións.

2.7.- Resolución da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, do 14 de maio de 2010 pola que se acorda outorgar o Distintivo de Permanencia ao persoal dos distintos corpos de policía local dos concellos de Galicia.

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 74 que o persoal dos corpos de policía local de Galicia pode ser distinguido ou recompensado de acordo co que se determine regulamentariamente.

Deste xeito o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, de desenvolvemento da devandita lei, determina no seu artigo 89 as modalidades de distincións; na alínea c) figura o distintivo de permanencia, a que se refire tamén o número 3 do artigo 90, cando expresa que este distintivo se entregará aos policía locais, calquera que sexa a súa categoría, cando se cumpran os requisitos de permanencia e de traxectoria profesional exixidos para a súa concesión.

O mesmo Decreto 243/2008, no seu artigo 93.1º, establece que o distintivo de permanencia se entregará anualmente, mediante resolución do titular da unidade directiva competente en materia de coordinación de policía locais, aos policía locais cando cumpran 25 anos de servizos efectivos no corpo, calquera que sexa a súa categoría, sempre que non consten antecedentes desfavorables no seu expediente persoal ou pendentes de cancelar, cuestións que deberán ser acreditadas polos concellos que corresponda.

De acordo, entón, co previsto no artigo 93.1º antes citado, do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, que desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, resólvese o outorgamento do Distintivo de Permanencia, por teren cumpridos en 31 de decembro de 2009, 25 anos de servizo nos corpos de policía local, segundo as certificacións dos respectivos concellos de pertenza, tanto respecto do tempo de servizos como do cumprimento do resto de requisitos.

(Listaxe alfabética de persoal, clasificada por provincias e concellos).

***Provincia: A Coruña.**

-Concello: A Coruña.

Antonio Francisco Alfeirán Rodríguez.

-Concello: Boiro.

José Silva Triñanes.

-Concello: Ferrol.

Francisco Javier Rey Maceiras.

José Ramón Rodríguez Vázquez.

Nicolás María Villar Amado.

-Concello: Noia.

José Antonio Albores Carracedo.

Alfonso Rey Rilo.

-Concello: Oleiros.

Eduardo Bocija Maceira.

-Concello: A Pobra do Caramiñal.

José Antonio Baleirón Batalla.

Manuel Castro Gómez.

José Luis Gigirey Cela.

José María Moure Gómez.

Florencio Seoane Gigirey.

Ramón Valiño Rodríguez.

-Concello: Santiago de Compostela.

José Antonio Álvarez Quintáns.

José Ramón Barreiro Farto.

José Isidro Bermúdez Agra.

Ramón Cobas Prieto.

Alberto González González.

Juan Carlos López Rey.

Antonio Malvido Carrillo.

Jesús Mariño del Río.

José Ramón Ruanova Iglesias.

Lino Senra Ríos.

María Belén Sixto Santos.

José Manuel Traba Gesto.

-Concello: Valdoviño.

Andrés Sanesteban Rodríguez.

***Provincia: Ourense.**

-Concello: O Barco de Valdeorras.

Francisco J. García León.

-Concello: Ourense.

José Manuel Agregán Rodríguez.

Evaristo Álvarez Diéguez.

Antonio Caballero Olmo.

Antonio Carbajal Quintana.

Sara Castro Fernández.

Manuel Coello González.

José Luis Cofan Soto.

Eduardo Fernández Novoa.

Ramón Joaquín González Sánchez.

Ramón Iglesias Novoa.

Antonio López Rodríguez.

Francisco Moran Valverde.

Francisco Pereiro Iglesias.

Miguel Pérez Pérez.

Vicente Porras Grande.

Antonio Prol Traveso.

José Luis Rodríguez Estévez.

Aurelio Vázquez Fernández.

***Provincia: Pontevedra.**

-Concello: Baiona.

Pedro Antonio Alonso Fernández.

Bernardo Miniño Fortes.

-Concello: Cangas.

José Luis Domínguez Portas.

Ramón Gago Vaqueiro.

Juan Manuel Martínez Fernández.

Ángel Molanes Fernández.

Rafael Paredes García.

Víctor Manuel Piñeiro Hermida.

-Concello: Lalín.

Jesús López Cuñarro.

-Concello: Marín.

José Luis Trassierra Fernández.

-Concello: Moaña.

Eugenio Gestido Malvido.

-Concello: Pontevedra.

Joaquín Álvarez González.

-Concello: Soutomaior.

José María Acuña Orozco.

-Concello: Vigo.

José Manuel Bastos García.

José Luis Blas Fondos.

Adolfo Borrajo Rodríguez.

José Manuel del Bosque Zapata.

Carlos Fernández Lorenzo.

Miguel Ángel Fernández Pena.

Jaime Fernández Ríos.

Juan Ramón Fernández Sotelo.

Francisco José Filgueira Correa.

Antonio Forjanés Alonso.

Alberto Freire Estévez.

Francisco A. Gil Domínguez.

Manuel González García.

Francisco Guedella Gómez.

Adolfo Hermida Araújo.

Francisco Iglesias Costas.

Isidro López Vázquez.

Ricardo Andrés Méndez Paz.

Rafael Moreira Valiño.

Francisco Javier Neira Henche.

Manuel Novas Aldao.

Francisco Javier Ogando Paredes.

Manuel Otero Valverde.

Ceferino Prieto Casal.

Ramón Rivera Alen.

José Luis Rolo Silva.

Rafael Saavedra González.

Antonio Santos Iglesias.

3.- Actuacións de control e seguimento da aplicación das normas de coordinación

3.1.- Procesos selectivos convocados (BOP)

Informe dos procesos selectivos convocados polos concellos de Galicia para prazas nos respectivos cadros de persoal de policía local.

Concello: A CORUÑA

Categoría: Inspector

Proceso selectivo

B.O.P.	Prazas	Clase
31/05/ 2010	3	Promoción interna(concurso-oposición)
Prazas: 3		

Categoría: Inspector principal

Proceso selectivo

B.O.P.	Prazas	Clase
31/05/ 2010	1	Promoción interna(concurso-oposición)
Prazas: 1		

Categoría: Intendente

Proceso selectivo

B.O.P.	Prazas	Clase
31/05/ 2010	1	Promoción interna(concurso-oposición)
Prazas: 1		

Categoría: Oficial

Proceso selectivo

B.O.P.	Prazas	Clase
31/05/ 2010	1	Mobilidade(concurso)
31/05/ 2010	6	Promoción interna(concurso-oposición)
Prazas: 7		

Total concello 12

Concello: ARTEIXO

Categoría: Policía

Proceso selectivo

B.O.P.	Prazas	Clase
14/12/ 2010	1	Libre

Prazas: 1**Total concello 1****Concello: BAIONA****Categoría: Policía****Proceso selectivo**

B.O.P.	Prazas	Clase
01/02/ 2010	2	Libre

Prazas: 2**Total concello 2****Concello: BARBADAS****Categoría: Policía****Proceso selectivo**

B.O.P.	Prazas	Clase
06/02/ 2010	3	Libre

Prazas: 3**Categoría: Oficial****Proceso selectivo**

B.O.P.	Prazas	Clase
23/01/ 2010	1	Promoción interna(concurso-oposición)

Prazas: 1**Total concello 4****Concello: CAMARIÑAS****Categoría: Policía****Proceso selectivo**

B.O.P.	Prazas	Clase
16/09/ 2010	1	Libre

Prazas: 1**Total concello 1****Concello: CAMBRE**

Categoría: Policía**Proceso selectivo**

<i>B.O.P.</i>	<i>Prazas</i>	<i>Clase</i>
14/12/ 2010	2	Mobilidade(concurso)
14/12/ 2010	2	Libre

Prazas:* 4*Total concello 4****Concello: CARBALLO****Categoría: Policía****Proceso selectivo**

<i>B.O.P.</i>	<i>Prazas</i>	<i>Clase</i>
09/12/ 2010	2	Libre

Prazas:* 2*Total concello 2****Concello: CARNOTA****Categoría: Auxiliar****Proceso selectivo**

<i>B.O.P.</i>	<i>Prazas</i>	<i>Clase</i>
29/04/2010	2	Libre

Prazas:* 2*Total concello 2****Concello: CEDEIRA****Categoría: Policía****Proceso selectivo**

<i>B.O.P.</i>	<i>Prazas</i>	<i>Clase</i>
18/10/ 2010	1	Mobilidade(concurso)
18/10/ 2010	1	Libre

Prazas:* 2*Total concello 2****Concello: CULLEREDO**

Categoría: Policía**Proceso selectivo**

<i>B.O.P.</i>	<i>Prazas</i>	<i>Clase</i>
22/04/ 2010	2	Mobilidade(concurso)
19/10/ 2010	6	Libre

Prazas: 6**Total concello 8****Concello: CUNTIS****Categoría: Oficial****Proceso selectivo**

<i>B.O.P.</i>	<i>Prazas</i>	<i>Clase</i>
02/02/ 2010	1	Promoción interna(concurso-oposición)

Prazas: 1**Categoría: Policía****Proceso selectivo**

<i>B.O.P.</i>	<i>Prazas</i>	<i>Clase</i>
01/10/ 2010	1	Libre

Prazas: 1**Total concello 2****Concello: FERROL****Categoría: Policía****Proceso selectivo**

<i>B.O.P.</i>	<i>Prazas</i>	<i>Clase</i>
15/10/ 2010	8	Mobilidade(concurso)
15/10/ 2010	3	Libre

Prazas: 11**Total concello 11****Concello: LUGO****Categoría: Inspector principal (Sub. Facultativa)****Proceso selectivo**

B.O.P. Prazas Clase

26/04/ 2010 1 Promoción interna(concurso-oposición)

Prazas: 1**Categoría: Intendente (Sub. Facultativa)****Proceso selectivo*****B.O.P. Prazas Clase***

26/04/ 2010 1 Promoción interna(concurso-oposición)

Prazas: 1**Categoría: Policía (Sub. Facultativa)****Proceso selectivo*****B.O.P. Prazas Clase***

26/04/ 2010 6 Libre

Prazas: 6**Total concello 8****Concello: MACEDA****Categoría: Policía****Proceso selectivo*****B.O.P. Prazas Clase***

13/07/ 2010 1 Libre

Prazas: 1**Categoría: Policía****Proceso selectivo*****B.O.P. Prazas Clase***

16/07/ 2010 1 Integración(AUX-INT)

Prazas: 1**Total concello 2****Concello: MELIDE****Categoría: Oficial****Proceso selectivo*****B.O.P. Prazas Clase***

27/10/ 2010 1 Promoción interna(concurso-oposición)

Prazas: 1

Categoría: Policía

Proceso selectivo

B.O.P.	Prazas	Clase
27/10/ 2010	1	Libre

Prazas: 1

Total concello 2

Concello: MOS

Categoría: Policía

Proceso selectivo

B.O.P.	Prazas	Clase
18/03/ 2010	2	Libre

Prazas: 2

Categoría: Policía

Proceso selectivo

B.O.P.	Prazas	Clase
04/11/ 2010	1	Libre

Prazas: 1

Total concello 3

Concello: NIGRAN

Categoría: Auxiliar

Proceso selectivo

B.O.P.	Prazas	Clase
22/04/ 2010	12	Libre

Prazas: 12

Total concello 12

Concello: O CARBALLIÑO

Categoría: Policía

Proceso selectivo

B.O.P.	Prazas	Clase
---------------	---------------	--------------

04/05/ 2010 1 Integración(AUX-INT)

***Prazas:* 1**

Total concello 1

Concello: O PORRIÑO

Categoría: Oficial

Proceso selectivo

B.O.P. Prazas Clase

02/08/ 2010 1 Promoción interna(concurso-oposición)

***Prazas:* 1**

Total concello 1

Concello: OLEIROS

Categoría: Policía

Proceso selectivo

B.O.P. Prazas Clase

20/09/ 2010 4 Libre

20/09/ 2010 3 Mobilidade(concurso)

***Prazas:* 7**

Total concello 7

Concello: OURENSE

Categoría: Policía

Proceso selectivo

B.O.P. Prazas Clase

09/03/ 2010 5 Libre

09/03/ 2010 1 Mobilidade(concurso)

***Prazas:* 6**

Total concello 6

Concello: A POBRA DO CARAMIÑAL

Categoría:Auxiliar**Proceso selectivo**

B.O.P.	Prazas	Clase
20/04/ 2010	6	Libre

Prazas: 6**Total concello 6****Concello: PONTEAREAS****Categoría: Policía****Proceso selectivo**

B.O.P.	Prazas	Clase
04/06/ 2010	1	Mobilidade(concurso)

Prazas: 1**Total concello 1****Concello: PONTECESO****Categoría: Policía****Proceso selectivo**

B.O.P.	Prazas	Clase
04/08/ 2010	1	Libre

Prazas: 1**Total concello 1****Concello: PONTEDEUME****Categoría: Policía****Proceso selectivo**

B.O.P.	Prazas	Clase
07/05/ 2010	1	Mobilidade(concurso)
07/05/ 2010	3	Libre

Prazas: 4**Total concello 4****Concello: PONTEVEDRA****Categoría:Inspector**

Proceso selectivo**B.O.P. Prazas Clase**

04/11/ 2010 1 Promoción interna(concurso-oposición)

Prazas: 1**Categoría: Oficial****Proceso selectivo****B.O.P. Prazas Clase**

04/11/ 2010 1 Promoción interna(concurso-oposición)

Prazas: 1**Total concello 2****Concello: REDONDELA****Categoría: Inspector principal****Proceso selectivo****B.O.P. Prazas Clase**

25/03/ 2010 1 Promoción interna(concurso-oposición)

Prazas: 1**Categoría: Policía****Proceso selectivo****B.O.P. Prazas Clase**

20/10/ 2010 3 Libre

20/10/ 2010 1 Mobilidade(concurso)

Prazas: 4**Total concello 5****Concello: SANXENXO****Categoría: Oficial****Proceso selectivo****B.O.P. Prazas Clase**

29/09/ 2010 1 Promoción interna(concurso-oposición)

Prazas: 1

Categoría: Policía**Proceso selectivo**

<i>B.O.P.</i>	<i>Prazas</i>	<i>Clase</i>
29/09/ 2010	9	Integración(AUX-INT)
29/09/ 2010	1	Libre

Prazas: 10**Total concello 11****Concello: SOUTOMAIOR****Categoría: Auxiliar****Proceso selectivo**

<i>B.O.P.</i>	<i>Prazas</i>	<i>Clase</i>
24/03/ 2010	1	Libre

Prazas: 1**Categoría: Oficial****Proceso selectivo**

<i>B.O.P.</i>	<i>Prazas</i>	<i>Clase</i>
04/08/ 2010	1	Promoción interna(concurso-oposición)

Prazas: 1**Total concello 2****Concello: TOMIÑO****Categoría: Policía****Proceso selectivo**

<i>B.O.P.</i>	<i>Prazas</i>	<i>Clase</i>
26/10/ 2010	1	Libre

Prazas: 1**Total concello 1****Concello: VIGO****Categoría: Intendente****Proceso selectivo**

<i>B.O.P.</i>	<i>Prazas</i>	<i>Clase</i>
19/07/ 2010	2	Promoción interna(concurso-oposición)

Prazas: 2**Categoría: Policía****Proceso selectivo**

B.O.P.	Prazas	Clase
19/07/ 2010	6	Mobilidade(concurso)
19/07/ 2010	19	Libre

Prazas: 25**Total concello 27****Concello: VILABOA****Categoría: Policía****Proceso selectivo**

B.O.P.	Prazas	Clase
24/11/ 2010	1	Libre

Prazas: 1**Total concello 1****TOTAL XERAL 152****3.2 Ditames e informes emitidos**

De conformidade co do previsto nos artigos 12.1 e 13.h da Lei 4/2007, dende a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior estase a dar resposta ás numerosas consultas formuladas polos concellos e o persoal funcionario de policía en materias moi distintas, pero relacionadas todas elas con aclaracións ou interpretacións dos diversos preceptos da normativa de coordinación de policía locais de Galicia que lles pode afectar. A listaxe que segue é comprensiva dos distintos ditames e informes emitidos ao respecto, con indicación da persoa e/ou entidade solicitante e a temática tratada:

3.2.1 Persoas:**Persoa/Entidade: Aceña Liste, Manuel (CSIF)****Data** 24/09/ 2010 Consulta Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: Composición dos tribunais nos procesos selectivos

Persoa/Entidade: **Baños, María**

Data 26/03/ 2010 Ditame Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: Información sobre comisión de servizo e permutas.

Persoa/Entidade: **Blanco González José**

Data 05/02/ 2010 Informe Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: Aclaración relativa á clasificación e integración dos funcionarios de policía local.

Persoa/Entidade: **Caamaño Mendiña Manuel**

Data 22/01/ 2010 Informe Policía Local.- Clasific e integrac (DT-1ª L-4/2007

Sinopse: Procesos selectivos para prazas de policía local por mobilidade

Persoa/Entidade: **Cameselle Fernández Roberto**

Data 08/09/ 2010 Informe Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: Escalas e categorías nas que se estruturan xerarquicamente os corpos de
policía local e as súas titulacións

Persoa/Entidade: **Carreira Martínez**

Data 28/09 2010 Informe Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: Reingreso no corpo de orixe.

Persoa/Entidade: **Fernández Bascuas, Aurelio**

Data 10/12/ 2010 Informe Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: Substitución do xefe de policía local.

Persoa/Entidade: **Iglesias Santos, Alfredo**

Data 19/08/ 2010 Informe Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: Requisitos de participación para persoal auxiliar de policía local.

Persoa/Entidade: **Lores Torres, Rubén**

Data 05/07/ 2010 Informe Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: Cadro de persoal dun corpo de policía local

Persoa/Entidade: **Mariño Pombo, Fernando**

Data 05/11/2010 Informe Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: A situación de segunda actividade do persoal de policía local.

Data 07/12/2010Informe Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: Segunda actividade, creación de prazas e funcións para este persoal.

Persoa/Entidade: **Núñez Pereira, Francisco Alfredo**

Data 24/08/2010 Informe Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: Circunstancias determinantes do pase á situación de segunda actividade

3.2.2. Entidades:

Persoa/Entidade:**Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**

Data 22/12/ 2010 Informe Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: Informe conxunto desta unidade e a AGASP respecto do pedimento da representación sindical acerca de determinados incumprimentos que se están a producir por parte dos concellos.

Persoa/Entidade: Concello da Cañiza -

Data 03/02/ 2010 Informe Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: Adaptación á normativa vixente en materia de coordinación de policías locais

Persoa/Entidade: Concello da Coruña -

Data 25/02/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello da Coruña (unha praza de intendente)

Data 25/02/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello da Coruña (tres prazas de inspector)

Data 25/02/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello da Coruña (unha praza de inspector principal)

Data 25/02/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello da Coruña (sete prazas de oficial)

Data 16/04/ 2010 Informe Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: Dispensa de grao na titulación esixida para os procesos de promoción interna e sobre a obrigatoriedade da proba de coñecemento da lingua galega nos procesos selectivos

Data 31/05/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello da Coruña (BOP do 31 de maio, tres prazas inspector de policía)

Data 31/05/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello da Coruña (BOP do 31 de maio, sete prazas policía)

Data 31/05/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello da Coruña (BOP do 31 de maio, unha praza intendente de policía)

Data 31/05/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello da Coruña (BOP do 31 de maio, unha praza inspector principal de policía)

Persoa/Entidade: **Concello da Estrada -**

Data 25/05/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello da Estrada (persoal auxiliar)

Persoa/Entidade: **Concello da Guarda -**

Data 23/03/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello da Guarda (unha praza de policía)

Persoa/Entidade: **Concello da Pobra de Trives -**

Data 22/01/ 2010 Informe Policía Local.- Clasific e integrac (DT-1ª L-4/2007

Sinopse: Integración de persoal de policía local

Persoa/Entidade: **Concello da Pobra do Caramiñal -**

Data 09/03/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello da Pobra do Caramiñal (persoal auxiliar)

Data 27/04/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello da Pobra do Caramiñal (persoal auxiliar)

Persoa/Entidade: **Concello das Pontes de García Rodríguez -**

Data 24/11/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello das Pontes de García Rodríguez (dúas prazas policía)

Persoa/Entidade: **Concello de Arteixo -**

Data 01/12/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Arteixo (unha praza policía)

Data 20/12/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Arteixo (BOP do 14 de decembro, unha praza policía)

Persoa/Entidade:Concello de Baiona -

Data 12/01/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Baiona (dúas prazas policía local)

Data 01/02/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Baiona (BOP do 1 de febreiro, dúas prazas de policía)

Data 27/09/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Proba psicotécnica

Persoa/Entidade: **Concello de Barbadás -**

Data 22/01/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Barbadás (unha praza de oficial)

Data 22/01/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Barbadás (tres prazas de policía local)

Data 25/01/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Barbadás (BOP do 23 de xaneiro, unha praza de oficial)

Data 04/02/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Barbadás (BOP do 23 de xaneiro, tres prazas de policía)

Data 08/02/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Barbadás (BOP do 6 de febreiro, rectificación bases publicadas o 23 de xaneiro)

Persoa/Entidade: **Concello de Betanzos**

Data 08/06/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Betanzos (persoal auxiliar)

Data 15/06/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Betanzos (BOP do 15 de xuño, persoal auxiliar)

Persoa/Entidade: **Concello de Camariñas -**

Data 16/09/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Camariñas (unha praza policía)

Data 28/09/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Reconversión de prazas no cadro de persoal de policía local e adaptación á normativa de coordinación.

Data 29/09/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Camariñas (BOP do 28 setembro, modificación bases prazas policía)

Persoa/Entidade: **Concello de Cambre -**

Data 04/10/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Cambre (catro prazas policía)

Data 20/12/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Cambre(BOP do 24 de decembro, catro prazas policía)

Data 18/01/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Cambre(unha praza de inspector)

Persoa/Entidade: **Concello de Carballo -**

Data 25/05/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Carballo (BOP do 19 de maio, persoal auxiliar)

Data 24/08/ 2010 Ditame Policía local. Segunda actividade

Sinopse: Aclaración relativa ás circunstancias para o pase á segunda

actividade formulada por Francisco Alfredo Núñez Pereira

Data 25/11/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Carballo (dúas prazas policía)

Data 20/12/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Carballo (BOP do 9 de decembro, dúas prazas policía)

Persoa/Entidade: **Concello de Cariño -**

Data 18/01/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Cariño (BOP 13 de xaneiro, unha praza policía local)

Data 05/02/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Cariño (BOP do 5 de febreiro, rectificación bases publicadas o 13 e 21 de xaneiro)

Data 22/06/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Cariño (BOP do 21 de xuño, persoal auxiliar)

Persoa/Entidade: **Concello de Carnota -**

Data 26/04/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Carnota (persoal auxiliar)

Data 29/04/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Carnota (BOP do 29 de abril, persoal auxiliar)

Persoa/Entidade: Concello de Cedeira -

Data 21/10/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Cedeira (BOP do 18 de outubro, dúas prazas policía)

Data 04/11/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Cedeira(BOP do 3 de novembro, dúas prazas policía)

Persoa/Entidade: Concello de Cerceda -

Data 25/01/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Cerceda(BOP do 19 de xaneiro, integración auxiliares)

Persoa/Entidade: Concello de Chantada -

Data 20/01/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Chantada (BOP do 7 de xaneiro, unha praza de oficial)

Persoa/Entidade: Concello de Coristanco -

Data 07/02/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo convocatoria do Concello de Coristanco (unha praza policía integración)

Persoa/Entidade: Concello de Culleredo -

Data 12/03/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Culleredo (dúas prazas de policía)

Data 15/03/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Culleredo (seis prazas de policía)

Data 23/04/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Culleredo (BOP do 22 de abril, dúas prazas de policía)

Data 21/06/ 2010 Informe Policía local. Ditames e consultas

Sinopse: Pregunta formulada por Francisco Varela Piñeiro (servizo de persoal do concello) relativa aos requisitos para a mobilidade

Data 21/10/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Culleredo (BOP do 19 de outubro, seis prazas policía)

Data 24/11/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Culleredo (BOP do 15 de novembro modificación, seis prazas policía)

Persoa/Entidade: **Concello de Cuntis -**

Data 27/01/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Cuntis (unha praza de oficial de policía)

Data 03/02/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Cuntis (unha praza de oficial de policía)

Data 07/06/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

Sinopse: Emenda das bases da convocatoria de Proceso selectivo do Concello de Cuntis (unha praza policía)

Persoa/Entidade: Concello de Fene -

Data 15/02/ 2010 Ditame Policía local. Procesos selectivos

